



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CERTIFICACIÓN

D.^a ANA VELO RUIZ SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria realizada o día 10.09.2020, adoptou o seguinte acordo:

“9. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA AVDA. CASTELAO. POS+2019

Vista a proposta de Alcaldía asinada dixitalmente con data 09.09.2020, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NA AVDA. CASTELAO. POS+2019

Nº Expediente: 2018/C005/000003

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03.07.2020 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato denominado “Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na Avda. Castelao”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 06.07.2020 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as proposicións das seguintes empresas:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
1	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	21-07-2020 10:44
2	ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	21-07-2020 17:29
3	HALLMANN ENERGIE, S.L.	21-07-2020 16:23
4	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	21-07-2020 14:35
5	NARONTEC GESTIÓN, S.L.	21-07-2020 21:05
6	PROYMEL MONTAJES S.L.	21-07-2020 18:05
7	SANSIGA, S.L.	17-07-2020 13:00
8	TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD S.L.	21-07-2020 12:22

A Mesa de contratación nas reunións de datas 30 de xullo, 14 e 26 de agosto de 2020 valorou as ofertas da seguinte maneira:

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1.- Apertura dos sobres de todas as empresas presentadas, resultando todas admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- A Mesa acorda remitir a documentación coas ofertas ao enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Mallo Puga para os efectos de emitir o correspondente informe de valoración das propostas cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

3.- De conformidade co informe de valoración emitido por D. Jesús Mallo Puga con data 13.08.2020 en calidade de asesor técnico externo, a Mesa acorda outorgar a seguinte puntuación ás proposicións técnicas (arquivo A) de acordo cos criterios establecidos no PCAP:

LICITADOR	PUNTOS
CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	18,00
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	18,00
HALLMANN ENERGIE, S.L.	24,00
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	17,00
NARONTEC GESTIÓN, S.L.	18,00
PROYMEL MONTAJES S.L.	18,00
SANSIGA, S.L.	17,00
TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD S.L.	18,00

3.- Da apertura dos sobres B despréndense as seguintes proposicións, e unha vez valoradas as ofertas económicas de acordo coa fórmula elaborada para a Deputación Provincial da Coruña pola Facultade de Matemáticas da USC, e valorado así mesmo o incremento do prazo de garantía de acordo cos criterios contidos no PCAP, resulta a seguinte puntuación:

LICITADOR	Oferta económica	Puntuación oferta económica	Incremento prazo garantía	Puntuación incremento prazo garantía
CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	41.069,47	24,13	8 años	25,00
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	39.060,19	34,35	8 años	25,00
HALLMANN ENERGIE, S.L.	38.990,00	34,72	8 años	25,00
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	41.205,59	23,43	8 años	25,00
NARONTEC GESTIÓN, S.L.	38.855,00	35,26	8 años	25,00
PROYMEL MONTAJES S.L.	35.026,33	47,80	8 años	25,00
SANSIGA, S.L.	41.256,27	23,17	8 años	25,00
TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD S.L.	44.416,60	7,07	8 años	25,00

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

4.- Sumando a puntuación obtida logo da valoración dos criterios dependentes dun xuízo de valor e dos criterios de cuantificación automática mediante a aplicación de fórmulas, obtense o seguinte resultado:

LICITADOR	Puntuación criterios técnicos	Puntuación oferta económica	Puntuación incremento prazo garantía	PUNTUACIÓN TOTAL
CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	18,00	24,13	25,00	49,13
ELECTRICIDAD PERMUY S.L.	18,00	34,35	25,00	59,35
HALLMANN ENERGIE, S.L.	24,00	34,72	25,00	59,72
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS S.L.	17,00	23,43	25,00	48,43
NARONTEC GESTIÓN, S.L.	18,00	35,26	25,00	60,26
PROYMEL MONTAJES S.L.	18,00	47,80	25,00	72,80
SANSIGA, S.L.	17,00	23,17	25,00	48,17
TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD S.L.	18,00	7,07	25,00	32,07

5.- A oferta económica do licitador mellor valorado PROYMEL MONTAJES S.L. incorre en presunción de anormalidade. A Mesa acorda requirir a este licitador para que xustifique e desglose razoada e detalladamente a oferta realizada, acompañando a documentación referida na cláusula 12.3.4 do PCAP.

6.- O licitador PROYMEL MONTAJES S.L. non presentou documentación xustificativa da oferta presentada dentro do prazo concedido para este efecto. En consecuencia, a Mesa acorda excluír esta oferta por resultar presuntamente inviable e non haber xustificando o licitador adecuadamente a antedita baixa.

7.- Unha vez excluído PROYMEL MONTAJES S.L. a oferta mellor valorada é a presentada por HALLMANN ENERGIE, S.L.

A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ostenta poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

8.- A Mesa acorda:

- Requirit, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que constituía a garantía definitiva por importe de 1.949,50 € (5% do importe final ofertado, IVE excluído).
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na Avda. Castela” a favor do seguinte licitador:

PROPUESTA DE ADJUDICACIÓN	
Licitador:	HALLMANN ENERGIE, S.L. CIF: B27444702
Importe:	38.990,00 € + 8.187,90 € (IVA) (TOTAL: 47.177,90 €)

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Prazo de execución:	90 días naturais
---------------------	------------------

O día 28.08.2020 requiriuse á empresa proposta para presentar a garantía definitiva polo importe de 1.949,50 €.

Con data 04.09.2020 a empresa HALLMANN ENERGIE S.L presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva polo importe de 1.949,50 € mediante aval núm. 0049-0225-52-2110000528 de data 01.09.2020 do Banco Santander; e con data 03.09.2020 presentou o documento orixinal no rexistro do Concello de Cedeira (RE 2356).

Con data 08.09.2020 emitiuse pola Intervención municipal informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de “Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na Avda. Castelao” por procedemento aberto simplificado coas seguintes condicións:

Licitador:	HALLMANN ENERGIE, S.L. CIF: B27444702
Importe:	38.990,00 € + 8.187,90 € (IVA) (TOTAL: 47.177,90 €)
Prazo de execución:	90 días naturais

2.- Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

3.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

4.- Notificar á empresa adxudicataria HALLMANN ENERGIE S.L. o presente acordo e cita para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.

5.- Publicar a adxudicación do contrato de “Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na Avda. Castelao” na Plataforma de Contratos do Sector Público.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.”

CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

E para que conste, e coa salvidade prevista no artigo 206 do R.O.F., expídese a presente certificación de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Pablo Diego Moreda Gil.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Visto e prace
O ALCALDE